

## ANEXO I

### PREZOS DO SERVIZO DE MEDIACIÓN EN ASUNTOS CIVÍS E MERCANTÍS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

1.- Os custos da mediación incluírán os dereitos de xestión e administración do Servizo de Mediación así como os honorarios e gastos debidamente xustificadas dos mediadores.

2.- Non están incluídos nos honorarios nin nos dereitos de xestión e administración os gastos de protocolización e homologación do acordo, nin outras actuacións que se realicen por acordo e interese das partes.

a) Dereitos de inscrición no Rexistro de Mediadores/as do COPG.

- 25 euros por persoa física.

- 50 euros por sociedade (con designación de un só mediador/a; se designa máis, 25 euros por cada un).

b) Dereitos colexiais de xestión e administración: ..... 60 euros

c) Honorarios dos mediadores:

- Sesión constitutiva/informativa ..... 50 euros

- Sesións de mediación ..... da primeira á terceira: 80 euros sesión.

..... a partir da cuarta: 90 euros cada unha.

. No caso de co-mediación incrementárase nun 50% por sesión.

A ditos honorarios aplicaráselles o IVE correspondente.

Táboa de prezos en vigor tras a aprobación en Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia do 18 de decembro de 2015.

## ANEXO II

### NORMAS REGULADORAS DO REXISTRO DE MEDIADORES/AS DO SERVIZO DE MEDIACIÓN DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

#### 1.- Obxecto:

As presentes Normas teñen por obxecto a regulación do Rexistro de Mediadores do COPG constituído por acordo da Xunta de Goberno do 14 de marzo de 2014.

#### 2.- Requisitos de inscrición:

Poderán inscribirse no Rexistro de Mediadores do COPG os psicólogos e psicólogas colexiados/as que cumpran cos seguintes requisitos:

- a) Acharse no pleno disfrute dos seus dereitos civís e carecer de antecedentes sen cancelar por sanción de carácter deontolóxico no exercicio da profesión.
- b) Contar inicialmente coa formación específica mínima para exercer a mediación en asuntos civís e mercantís (cen horas, das que como mínimo 35 serán de carácter práctico), acreditadas por centros de formación homologados.
- c) Realizar con carácter obrigatorio un seminario práctico anual de catro horas para continuar no listado.
- d) Ter subscrito un seguro de responsabilidade civil que cubra a súa actividade como mediador/a.
- e) Aceptar e cumprir o código deontolóxico do psicólogo/a e respectar o protocolo de funcionamento do Servizo de Mediación.
- f) Estar ao corrente no pago das cotas colexiais e ter aboado a taxa de inscrición no rexistro establecida en cada momento pola Xunta de Goberno.

#### 3.- Da solicitude de inscrición e da permanencia no Rexistro:

a) A solicitude de inscrición no Rexistro colexial farase cubrindo o correspondente formulario no que se achegará a información relativa a nome, apelidos, número de colexiado/a e número de identificación fiscal; enderezo profesional e información de contacto, incluídos correo electrónico e páxina web, de terse; formación específica en mediación e experiencia profesional; área xeográfica principal ou preferente de actuación; póliza do contrato do seguro de responsabilidade civil profesional ou do certificado de cobertura expedido pola entidade aseguradora.

Acompañarase, tamén, xustificante do ingreso da taxa de inscrición establecida en cada momento.

As solicitudes serán avaliadas en primeiro lugar pola Comisión de Mediación que acreditará si cumpren os requisitos legais e regulamentarios para seren admitidas, e as elevará á Xunta de Goberno previamente á súa inscrición. O prazo para acordar a inscrición non poderá superar os tres meses desde que se presentase a solicitude.

Coas solicitudes que non reúnan os requisitos establecidos acordarase a suspensión do procedemento, requirindo aos solicitantes para que nun prazo máximo de dez días hábiles, procedan á oportuna subsanación, coa advertencia de que de non facelo teranse por desistidos.

As denegacións de inscrición no Rexistro serán notificadas aos/ás interesadas indicando os recursos que poden interpoñer, prazos e órganos competentes para resolvelos.

b) A permanencia no Rexistro implica a realización da formación periódica prevista no Regulamento do Servizo de Mediación do COPG e nestas Normas.

#### 4.- Organización administrativa do Rexistro:

O Rexistro de Mediadores/as ten a súa sede na do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o seu funcionamento depende da Xunta de Goberno, á que corresponde a aplicación, interpretación e modificación, no seu caso, das presentes Normas, así como a adopción dos acordos necesarios para o seu funcionamento.

O Rexistro dependerá a efectos administrativos do persoal da Secretaría do Colexio que levará a cabo as accións encomendadas pola Xunta de Goberno.

#### 5.- Organización interna do Rexistro:

O listado de Mediadores/as configúrase por orde de chegada das solicitudes, que se irán incorporando ao mesmo unha vez acreditadas pola Comisión de Mediación e aprobadas pola Xunta de Goberno.

Aos efectos de dar resposta aos convenios de mediación intraxudicial asinados polo COPG coa Administración Autonómica e outras Entidades do ámbito xurídico, créase un listado específico dentro do Rexistro dedicado á mediación familiar.

Son requisitos para formar parte do listado de mediadores familiares do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e ser nomeables aos efectos destes convenios:

- a) Estar de alta no Rexistro de Mediadores/as do Servizo de Mediación do COPG e no Rexistro de Mediadores de Galicia.
- b) Acreditar unha práctica profesional en mediación familiar de dous meses como mínimo.
- c) Comprometerse por escrito a non facer informes periciais de familia no Partido Xudicial no que se interveña como mediador/a, mentres desempeñe esa función.

O listado específico de mediadores familiares configúrase respectando a orde de inscrición no Rexistro de Mediadores do Servizo de Mediación do Colexio de quen cumpren estes requisitos e así o solicitan. Unha vez configurado o listado inicial cada nova incorporación entrará no último posto do mesmo con independencia do seu lugar no Rexistro de Mediación do COPG.

A orde dos nomeamentos para as distintas prazas será a de entrada en vigor dos respectivos convenios. Tendo en conta as renuncias a facer mediación nalgún dos Equipos de Mediación Intraxudicial de cada psicólogo/a, no seu caso.

Cada catro meses os suplentes pasarán a ser titulares, nomeándose outros suplentes e así sucesivamente.

As Sociedades Profesionais inscritas no Rexistro de Sociedades Profesionais do COPG tamén poderán inscribirse no Rexistro de Mediadores identificando aos profesionais que se van encargar da mediación, aos efectos de acreditar que cumpren cos requisitos necesarios. Por motivos de transparencia ambos listados serán públicos e accesibles a través da páxina web do Colexio.

#### 6.- Efectos da inscrición:

A incorporación ao Rexistro será condición indispensable para ser designado polo servizo de mediación colexial.

#### 7.- Baixa ou suspensión da inscrición no Rexistro:

Pódese causar baixa no Rexistro de Mediadores do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

- a) Ao deixar de ser colexiado/a no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.
- b) Solicitando a baixa voluntaria no rexistro.
- c) Por resolución xudicial firme ou disciplinaria que conleve a inhabilitación para o exercicio da profesión.
- d) Por incumprimento das obrigas contidas nas disposicións legais vixentes, nos Estatutos colexiais e/ou no Regulamento e Normas do Servizo de Mediación.
- e) Por falla de acreditación da formación continua e complementaria que debe realizar.
- f) Por extinción do contrato do seguro de responsabilidade civil para o exercicio da mediación e/ou por carecer de dito seguro en vigor.
- g) Polo incumprimento sobrevido de calquera outro dos requisitos necesarios para ser incluído no Rexistro.
- h) Por abandono dun procedemento de mediación sen causa xustificada, ou inasistencia a sesións de mediación sen xustificación.
- i) No caso de comprobarse a falsidade ou inexactitude dos datos ou da documentación aportada no procedemento de inscrición, agás erro ou defecto subsanable.

A Xunta de Goberno poderá acordar a suspensión cautelar da inscrición mentres se tramita o expediente de baixa ou no caso de incoarse un expediente sancionador por motivos deontolóxicos.

### Disposición Final:

As presentes Normas entraron en vigor ao día seguinte da súa aprobación pola Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia do 18 de decembro de 2015 e foron modificadas na sesión de 15 de marzo de 2016.

---

### ANEXO III

#### PROTOCOLO DE ACTUACIÓN DO SERVIZO DE MEDIACIÓN DO COPG EN RELACIÓN COS CONVENIOS DE MEDIACIÓN INTRAXUDICIAL ASINADOS COA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA E OUTRAS ENTIDADES DO ÁMBITO XURÍDICO

Conforme ao indicado nos convenios asinados, os colexios profesionais designarán as persoas mediadoras que cumpran os requisitos previstos na Lei 4/2001, do 31 de maio, e no Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, e ademais figuren inscritas no Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia. Para tal efecto, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia nomeará cada catro meses titulares e suplentes para cada unha das prazas conveniadas. Así e todo, unha vez iniciado un proceso de mediación, este será impulsado polo mesmo equipo ata a súa finalización.

Os requisitos e o procedemento de nomeamento e selección das persoas mediadoras serán competencia dos correspondentes colexios profesionais.

Na formalización da prestación coas persoas seleccionadas, os colexios profesionais farán constar expresamente o necesario cumprimento do establecido nas cláusulas terceira, cuarta, oitava, novena e décima dos convenios no que se refire aos horarios e duración do proceso de mediación, aos principios esenciais do proceso e mais ás incompatibilidades dos profesionais, os seus compromisos e a súa baixa.

A subscrición do convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Xunta de Galicia.

#### 1.- Nomeamento dos Mediadores/as:

Unha vez creado por acordo da Xunta de Goberno de 18 de decembro de 2015 un listado específico de mediadores familiares dentro do Rexistro xeral do Servizo de Mediación do COPG, o Colexio nomeará cada catro meses un titular e un suplente para cada unha das localidades nas que haxa convenio.

Son requisitos para formar parte do listado de mediadores familiares do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e ser nomeables aos efectos destes convenios:

- d) Estar de alta no Rexistro de Mediadores/as do Servizo de Mediación do COPG e no Rexistro de Mediadores de Galicia.

- e) Acreditar unha práctica profesional en mediación familiar de dous meses como mínimo.
- f) Comprometerse por escrito a non facer informes periciais de familia no Partido Xudicial no que se interveña como mediador/a, mentres desempeña esa función.

O listado específico de mediadores familiares configúrase respectando a orde de inscrición no Rexistro de Mediadores do Servizo de Mediación do Colexio de quen cumpren estes requisitos e así o solicitan. Unha vez configurado o listado inicial cada nova incorporación entrará no último posto do mesmo con independencia do seu lugar no Rexistro de Mediación do COPG.

A orde dos nomeamentos para as distintas prazas será a de entrada en vigor dos respectivos convenios. Tendo en conta as renuncias a facer mediación nalgún dos Equipos de Mediación Intraxudicial de cada psicólogo/a, no seu caso.

Cada catro meses os suplentes pasarán a ser titulares, nomeándose outros suplentes e así sucesivamente.

## 2.- Comunicación e aceptación do nomeamento:

Os nomeamentos serán comunicados aos mediadores/as por correo electrónico e deberán ser aceptados ou rexeitados nun prazo máximo de 72 horas. Tanto a aceptación como o rexeitamento deben facerse constar no impreso que a tal efecto se lles enviará na comunicación de nomeamento.

A non aceptación dun nomeamento sen que concorra renuncia previa a actuar como mediador/a nesa localidade, ou causa xustificada de abstención, suporá o pase ao último posto do listado, e se esta circunstancia se reproduce nun período de quince meses dará lugar á exclusión do listado específico de mediadores familiares durante tres anos.

## 3.- Causas de abstención:

Son causas de abstención:

- a) Ter interese persoal no asunto obxecto de mediación ou en calquera outro que poida influír directamente ou indirectamente en el.
- b) Ter cuestión litixiosa pendente con algunha das partes intervinientes na mediación.
- c) Ter vínculo de parentesco por consanguinidade ou afinidade ata o cuarto grao con algunha das partes intervinientes na mediación, cos seus asesores, representantes legais ou mandatarios, así como compartir o despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.
- d) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas citadas no punto anterior.

- e) Intervir profesionalmente con anterioridade no asunto obxecto de mediación.
- f) Ter relación de servizo coas partes intervinientes na mediación ou terlles prestado servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar, agás servizos de mediación familiar no ámbito desta norma, nos dous anos anteriores ó inicio do procedemento de mediación.
- g) Estar adscrita/o aos gabinetes de orientación familiar, aos servizos de familia e menores ou aos servizos de dependencia e autonomía persoal das xefaturas territoriais, á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, á Dirección Xeral de Inclusión Social, á Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade ou á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social.
- h) Calquera outro suposto establecido legal ou regulamentariamente.

Cando un mediador/a incorra en causa de abstención poñerá en coñecemento do Colexio para activar ao/á suplente.

#### 4.- Horarios, honorarios e duración do proceso de mediación:

O equipo de mediación desenvolverá o seu labor nos días e horario que teña establecido cada equipo de mediación.

Os/As profesionais que desenvolvan as actuacións de mediación recibirán do colexio profesional unha retribución mensual por un montante fixo, con independencia do número de procesos de mediación atendidos. Os titulares facturarán conforme ao importe acordado segundo cada convenio, que será un prezo único, con independencia do número de casos que lles correspondan nese mes. Os suplentes, cando deban intervir por abstención ou baixa do titular, facturarán durante ese mes conforme ao prezo fixado por sesión no Regulamento do Servizo de Mediación do COPG.

Os/As mediadores/as quedan obrigados a rematar os casos iniciados.

Co obxecto de conseguir a maior eficacia, establécese unha duración non superior a un mes para o proceso de mediación, que se computará desde a celebración da primeira reunión co equipo mediador unha vez aceptada a mediación, sen prexuízo da posibilidade de prórroga á instancia das partes, de forma xustificada, por un mes máis. Excepcionalmente, podería establecerse unha prórroga por un prazo superior cando se xustifique debidamente.

En todo caso o proceso de mediación non poderá exceder os tres meses.

#### 5.- Principios esenciais do proceso de mediación:

- **Voluntariedade.** Respetarase en todo caso o principio de voluntariedade na aceptación do proceso de mediación.

- **Confidencialidade.** Toda información obtida no transcurso da mediación estará afectada polo deber de segredo e polo seu carácter confidencial, estando en consecuencia tanto as

partes coma a persoa mediadora obrigadas a manter reserva sobre o desenvolvemento do procedemento negociador.

A información que se utilice no procedemento de mediación permanecerá reservada e unicamente se informará ao xulgado sobre a consecución ou non dun acordo. No caso de que a mediación non continúe, por desistir algunha das partes, unicamente se informará ao xuíz deste feito, que carecerá de toda incidencia no axuízamento posterior.

En todo caso, o equipo de mediación está obrigado a informar inmediatamente ao xuíz ou ao Ministerio Fiscal dos datos que puidesen revelar a existencia dunha ameaza para a vida ou a integridade física ou psíquica dalgunha persoa, ou de calquera feito delituoso.

- **Igualdade das partes.** Garantírase a plena igualdade e liberdade das partes, interrompéndose a mediación cando se advirta a existencia de calquera indicio de violencia ou de intimidación, ou calquera outra causa que rompa este principio.

- **Homologación de acordos.** O equipo de mediación comunicará ao xulgado, para os efectos de constancia, a finalización da mediación, indicándolle se se alcanzou ou non un acordo -total ou parcial- ou se finalizou por calquera outra causa. Así mesmo, respectará o principio de confidencialidade do acordo de mediación e entregará un exemplar deste a cada unha das partes, reservando para si outro o mediador para a súa conservación. O mediador informará as partes de que poden instar a homologación xudicial do acordo alcanzado co obxecto de configuralo como un título executivo.

Concluída a mediación con éxito, o acordo de mediación servirá de base para a redacción do convenio regulador, conforme dispón a lexislación civil, que necesariamente haberá que presentar no procedemento correspondente de divorcio, separación ou relacións paternofiliais, ben na súa regulación inicial ou no seu ulterior proceso de modificación de medidas, no que se pedirá a súa transformación a mutuo acordo. En todo caso, o proceso deberá concluír por sentenza.

#### 6.- Compromisos dos/as profesionais:

Os/As psicólogos/as que formen parte do equipo de mediación comprométese, ademais de a cumprir as obrigas establecidas no artigo 5 do Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, a:

- a) Desenvolver o seu traballo de mediación con plena independencia e absténdose de intervir profesionalmente, á marxe da función mediadora, tanto a título profesional coma particular, no proceso que sexa obxecto de mediación, ou de asesorar as persoas que se someteron á súa mediación, tanto en asuntos de familia como en calquera outro.
- b) Cumprir os requisitos de formación que para este efecto sexan esixidos polos colexios oficiais.
- c) Aceptar as encargas de mediación entre as partes nun proceso derivadas do protocolo de actuación previsto no convenio, non sendo que incorran nalgún dos supostos de incompatibilidade recollidos, caso en que serán substituídos/as polo/a suplente.



- d) Cumprir os prazos establecidos no convenio en relación coa duración máxima do procedemento de mediación.
- e) Coordinarse de forma adecuada co outro profesional integrante do equipo de mediación.
- f) Respetar as disposicións existentes en materia de incompatibilidade.
- g) Garantir a debida confidencialidade e segredo na súa actuación como mediadores.
- h) Cubrir na aplicación informática <https://med-inxu.xunta.es> todos os datos relativos aos procesos de mediación realizados e enviar ao CXPX, con carácter semestral, a ficha de recollida de datos solicitada por este.

#### 7.- Baixa dos/as profesionais:

Causarán baixa como mediadores/as e non poderán ser nomeados ao abeiro dos convenios de mediación intraxudicial os e as profesionais nos que conorra algunha das circunstancias seguintes:

- a) A perda da condición de colexiado/a.
- b) O incumprimento das condicións ou compromisos do convenio.
- c) A incoación de procedemento penal ou expediente disciplinario.
- d) A actuación a sabendas da existencia de incompatibilidade.
- e) O rexeitamento inxustificado da realización das tarefas encomendadas.

#### Disposición Final:

Este Protocolo entrou en vigor ao día seguinte da súa aprobación pola Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia do 18 de decembro de 2015 e adaptouse ás modificacións dos convenios na reunión de 15 de marzo de 2016.



**SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE MEDIADORES/MEDIADORAS DO SERVIZO DE MEDIACIÓN DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA**

Don/Dona .....

N.I.F nº ..... Nº de Colexiado/a .....

Enderezo profesional .....

Localidade e C.P. .... Provincia .....

Teléfono .....

E-mail ..... Web .....

**EXPÓN:**

Que reúne os requisitos establecidos para a inscrición no Rexistro de Mediadores/Mediadoras do Servizo de Mediación do COPG, que acredita coa documentación que se achega,

- Formación** específica mínima para exercer a mediación en asuntos civís e mercantís (100 horas, das que como mínimo 35 serán de carácter práctico), acreditadas por centros de formación homologados (copia compulsada ou orixinal e copia para o seu cotexo).
- Póliza** do seguro de responsabilidade civil profesional ou certificado de cobertura expedido pola entidade aseguradora. E copia do último recibo abonado.
- Xustificante** de ter abonado 25 € en concepto de taxas de inscrición no Rexistro de Mediadores/Mediadoras do Servizo de Mediación do COPG (ABANCA IBAN ES64 2080 0316 2330 4000 8164).

**SOLICITA:**

- Á vista da documentación achegada, a inscrición no Rexistro de Mediadores/Mediadoras do Servizo de Mediación do COPG.
- Ser psicólogo/a designable para os Equipos de Mediación Familiar Intraxudicial, para o que axunto cumprimentado o impreso **INFORMACIÓN PARA AS DESIGNACIÓN DOS EQUIPOS DE MEDIACIÓN INTRAXUDICIAL** e acredito a documentación xustificativa que nel se solicita.

Asdo.:

En ....., a ..... de ..... de .....

En cumprimento do disposto no Artigo 5 da Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoslle que os seus datos pasarán a formar parte dun ficheiro, propiedade do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, que ten como finalidade a xestión e tramitación dos servizos que o Colexio presta, existindo o noso compromiso no tratamento de ditos datos cos criterios de calidade e seguridade esixidos pola lexislación vixente, informándolle asemade que poderá vde. exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, mediante comunicación dirixida ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, Rúa Espiñeira, 10 Baixo-Santiago de Compostela.

## INFORMACIÓN PARA AS DESIGNACIÓNS DOS EQUIPOS DE MEDIACIÓN INTRAXUDICIAL

Don/Dona .....

D.N.I. nº .....

Nº de colexiado/colexiada .....

Teléfonos .....

E-mail .....

**ACREDITO** unha experiencia práctica mínima de dous meses en mediación familiar.  
*(Pódese enviar por correo postal compulsada ou presentar no Colexio orixinal e copia para o seu cotexo)*

**ACREDITO** a miña inscrición no Rexistro de Mediadores Familiares da Xunta de Galicia *(copia simple da notificación)*.

**COMPROMÉTOME** a non realizar informes periciais de familia no partido xudicial durante o tempo da miña titularidade do respectivo Equipo de Mediación Intraxudicial.

**RENUNCIO** a facer mediación no/s seguinte/s Equipo/s de Mediación Intraxudicial durante 2016:

Santiago de Compostela

Ourense

A Coruña

*(no caso de que non desexes exercer nalgunha cidade, marca a/s que descarte/s)*

**AUTORIZO** a cesión destes datos a todos os órganos asinantes dos convenios.

Asdo.:

En ....., a ..... de ..... de 2016.

En cumprimento do disposto no Artigo 5 da Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámosche de que os teus datos pasarán a formar parte dun ficheiro, propiedade do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, que ten como finalidade a xestión e tramitación dos servizos que o Colexio che presta, existindo o noso compromiso no tratamento de ditos datos cos criterios de calidade e seguridade esixidos pola lexislación vixente. Informándoches ademais de que poderás exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, mediante comunicación dirixida ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, Rúa Espiñeira, 10 Baixo-Santiago de Compostela.